

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLOXICA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A ADHESIÓN AO ACORDO MARCO DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA CUN ÚNICO EMPRESARIO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DO MATERIAL NECESARIO PARA CONFIGURAR O SISTEMA DE CABLEADO ESTRUCTURADO EN CENTROS DA REDE CORPORATIVA DA XUNTA DE GALICIA, EXPEDIENTE AMT-2022-0085**

**REUNIDOS**

*Número 22/2024*

Don Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte, don José Ramón Rioboo Castro, en representación da Deputación Provincial da Coruña, con domicilio, para estes efectos, en Avenida do Porto nº 2, 15003 A Coruña. Exerce esta representación en virtude do seu cargo de deputado delegado de Economía, Facenda, Recursos Humanos e Avance Dixital, nomeado pola Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña número 33818 de 6 de setembro de 2023, modificada pola RP número 34072/2023, complementaria da RP 29343/2023, sobre delegación de atribucións do Presidente en deputados membros da Xunta de Goberno.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir este acordo e na súa virtude,

**EXPOÑEN**

PRIMEIRO. Que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante AMTEGA) é unha axencia pública autonómica, regulada polo Decreto 9/2021 do 21 de xaneiro, que ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos



da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

A Amtega ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa ás tecnoloxías da información e comunicacións, innovación e desenvolvemento tecnolóxico, concentrando os recursos humanos, materiais e orzamentarios asociados ás estruturas de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) do sector público autonómico.

A Amtega inclúe dentro da súa estrutura orgánica a Área de Infraestruturas e Seguridade. Dentro de dita área englobase o departamento de telecomunicacións corporativas, que ten encomendadas, entre outras, as seguintes funcións:

- A planificación, implantación e xestión da Rede corporativa de voz e datos da Xunta de Galicia
- A supervisión e coordinación da infraestrutura de comunicacións, cableado e de acondicionamento informático de todos os centros da Xunta de Galicia.
- A xestión da infraestrutura de telecomunicacións dos centros de proceso de datos da rede corporativa da Xunta de Galicia.
- A evolución e optimización técnica da infraestrutura de telecomunicacións.

SEGUNDO. Segundo o disposto nos artigos 31 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, a Provincia é unha entidade local determinada pola agrupación de Municipios, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social e, en particular:

- a) Asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.
- b) Participar na coordinación da Administración local coa da Comunidade Autónoma e a do Estado.

A Deputación Provincial da Coruña ten asignadas as competencias previstas no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e, entre elas, a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal, así como a



prestación dos servizos de administración electrónica en concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes

O artigo 57 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, habilita con carácter xeral ás Administracións Locais para a celebración de convenios, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común.

TERCEIRO. O artigo 20.5 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece que "as entidades locais, as universidades e os restantes entes, organismos e entidades do sector público poderán adherirse ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada mediante os oportunos convenios de colaboración".

CUARTO. Con data 31 de maio de 2022 a Amtega, actuando como departamento de contratación centralizada, aprobou a licitación do acordo marco cun único empresario para a subministración sucesiva do material necesario para configurar o sistema de cableado estruturado en centros da rede corporativa da Xunta de Galicia (Expediente AMT-2022-0085).

A adxudicación realizouse por Resolución do 21.10.2022 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia á empresa ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L.

Segundo se prevé na cláusula 2.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e para os efectos do artigo 227.4 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP), a Deputación provincial da Coruña podería adherirse ao acordo marco e celebrar contratos derivados baseados neste acordo marco, para o que debe celebrarse previamente un convenio de colaboración coa Amtega. de acordo co establecido no artigo 20.5 da Lei 14/2013, do 26 de decembro. Deste xeito, a Amtega manterá un control global sobre o grao de execución do acordo marco e asegurarse de que non se superen os límites orzamentarios estimados globalmente para o acordo.

QUINTO. A Deputación provincial da Coruña está interesada en adherirse ao acordo marco da AMTEGA para aproveitar a experiencia acumulada por esta en licitacións do sistema de cableado estruturado, tendo en conta ademais que o ámbito de actuación será tanto a Deputación como as Entidades Locais da Provincia, nas que tanto AMTEGA (a través da conectividade á rede Corporativa) como a Deputación van realizar actuacións, polo que o





feito de partir duns requisitos de calidade elevados e unha sistemática de documentación e etiquetado común das diferentes instalación considérase un factor diferencial relevante para coordinación entre as dúas

Tendo en conta o interese da Deputación da Coruña e da AMTEGA, ambas partes acordan subscribir o seguinte convenio en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a adhesión da Deputación da Coruña á contratación centralizada obxecto do seguinte acordo marco licitado pola Amtega:

- Acordo marco cun único empresario, para a subministración sucesiva do material necesario para configurar o sistema de cableado estruturado en centros da Rede Corporativa da Xunta de Galicia (Expediente AMT-2022-0085)

En virtude do disposto, a Deputación da Coruña poderá celebrar contratos derivados baseados no dito acordo marco, de acordo coas condicións e esixencias que establece a lexislación sobre contratos do sector público e o propio prego de cláusulas administrativas particulares

### SEGUNDA. Obrigas da Deputación da Coruña

- Adherirse de maneira efectiva ao acordo marco indicado na cláusula primeira. En consecuencia, a totalidade de subministracións incluídas no ámbito de aplicación do citado acordo marco deberanse contratar a través deste, agás que as prestacións e produtos adjudicados non reúnan as características indispensables para satisfacer as concretas necesidades da Deputación da Coruña, circunstancia da que se informará á Amtega.
- Comunicarlle á Amtega os contratos que de ser o caso promova baseados no acordo marco citado, así como trasladarlle calquera incidencia que xurda en relación coa súa execución.





- Cumprir coas obrigas derivadas dos contratos baseados que promova de acordo cos termos establecidos no acordo marco específico ao que agora se adhire, nos propios contratos baseados e na normativa que, de calquera índole, lle resulte aplicable.
- Colaborar coa Amtega en caso de que se formulase un recurso ou reclamación derivados dos contratos baseados por el promovidos, así como facilitar a documentación e información que con este motivo resultase procedente.
- Asunción de todos os gastos e obrigas económicas que se deriven da formalización dos contratos baseados no dito acordo marco, quedando exonerada a AMTEGA de ningún gasto como consecuencia dos contratos baseados que subscriba a Deputación da Coruña.

#### TERCEIRA. Obrigas da AMTEGA

- Incorporar a Deputación da Coruña dentro das entidades adheridas ao acordo marco citado na cláusula primeira.
- Tramitar a correspondente modificación do alcance do acordo marco citado na cláusula primeira, para deixar constancia da inclusión da Deputación da Coruña no obxecto deste, dándolle audiencia ao contratista, de conformidade co previsto no punto 15 dos seus pregos de cláusulas administrativas particulares.

#### CUARTA.- Seguimento da execución do convenio

Para o debido seguimento do convenio, incluída a posible proposta de revisión, modificación, adecuación ou actualización, establece a existencia dunha Comisión de seguimento que estará integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes do Convenio.

No funcionamento ordinario da comisión de seguimento promoverase o uso de medios dixitais para as actuacións de coordinación, seguimento e sinatura de acordos.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.





- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.

#### QUINTA.- Duración do convenio

Este convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata a data na que finalice o acordo marco obxecto de adhesión, sen que isto lles afecte aos contratos baseados, que continuarán vixentes ata a súa extinción e sen que se poida superar en ningún caso o prazo de catro anos, de conformidade co disposto artigo 49.h).1º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

#### SEXTA.- Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade de todas as partes asinantes, e formalizarase mediante a subscripción da correspondente addenda ao mesmo.

#### SÉTIMA.- Resolución do convenio.

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia poderá desistir do presente Convenio mediando aviso cun mes de antelación.

Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de tres meses de antelación á efectividade da devandita denuncia

#### OITAVA.-Publicidade

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consinten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

#### NOVENA.- Obrigas económicas

O convenio non implica obrigas económicas directas para ningunha das partes, sen prexuízo daquelas que se deriven para a Deputación da Coruña como consecuencia dos contratos baseados que licite con base no acordo marco citado na cláusula primeira.

#### DÉCIMA.- Natureza do convenio e discrepancias.

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que poidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

En proba de conformidade co establecido en todas as cláusulas do presente Convenio de colaboración, asinan os interesados en representación das partes implicadas.

Pola Axencia para a Modernización    Pola Deputación da Coruña  
Tecnolóxica de Galicia

Julián Cerviño Iglesia

José Ramón Rioboo Castro



